# ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DUN SERVIZO PARA O MANTEMENTO TÉCNICO E DOS CONTIDOS DO PORTAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO. EXPDTE REF: 35-2016. Lectura de informe técnico e apertura das ofertas económicas.**

---

Sendo as 9 horas do día 11 de maio de 2017, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla, 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo Xefe de contratación, Patrimonio e Fomento don Xosé Manuel Cao Rei e actuando como vocais:

- don Manuel Louzao Aldariz, Asesor Xurídico do Concello de Lugo.
- dona Ana Tabarés, Técnico do servizo de contratación actuando como Secretaria.
- don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral do Concello.
- don Eduardo Risco Bóveda, Técnico do servizo de Informática.

Asisten ó acto tamén don Carlos Junquera, en representación de Galicloud Sociedade Cooperativa Galega e don Brais Hombre, en representación de Tecnoloxías Plexus, s.l.

Abre a sesión o Sr. Presidente e procédese a dar lectura do Informe técnico solicitado pola mesa de contratación con respecto ós criterios non avaliables automáticamente das empresas admitidas á licitación e emitido polo Xefe do servizo de informática do Concello de Lugo, transcrito do seguinte xeito:

*"En cumprimento da solicitude de informe relativo á valoración das ofertas técnicas presentadas para a **CONTRATACIÓN DUN SERVIZO PARA O MANTENEMENTO TÉCNICO E DOS CONTIDOS DO PORTAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO,** solicitado pola correspondente Mesa de Contratación, compre informar,*

*Que a este Servizo de Informática achegáronse catro propostas técnicas (sobre B) correspondentes ás mercantís Galicloud, Interdix Galicia SL, Balidea Consulting & Programming e Tecnologías Plexus SL.*

*Que os licitadores, independentemente que o especifiquen explicitamente na súa oferta ou non, acatan todas e cada unha das cláusulas do Prego de Prescricións Técnicas (PPT) e do prego de cláusulas administrativas particulares polo feito de terse presentado á presente licitación.*

*Que os requisitos técnicos incluídos no PPT resúmese na seguinte táboa:*

| ***Servizo de mantemento de contidos*** |
|---|
| *Actualización e incorporación de novos contidos en http://lugo.gal/,* |
| *Microsites: CEI-NODUS, EUROPEDIRECT, ESPAZOLAB e PREVENCION DROGAS* |
| *Emprego das ferramentas de xestión de Drupal 7* |
| *Óptima categorización dos contidos* |
| *Adaptación do aspecto e disposición dos contidos* |
| *A empresa recibirá contidos en formato texto, imaxe ou multimedia, así como en calquera outro que estime oportuno* |
| *Horario de atención será de 8:00 a 15:00 e de 17:00 a 20:00* |
| *Contacto telefónico dispoñible a calquera hora para a notificación de incidencias* |
| *En todas as seccións será posible achegar imaxes, enlaces de interese ou arquivos.* |
| *Incluirán entre outras tarefas: retoque fotográfico, preparación de documentos e ficheiros, categorización dos mesmos.* |

| |
|---|
| *Velará porque a estrutura creada no xestor de contidos sexa a axeitada para a información que recibe* |
| *Configuración do Portal e dos procedementos de Xestión de Contidos.* |
| *Distintos perfís de entrada (usuarios, edición, organización, administración, ...)* |
| *Política de eliminación dos contidos obsoletos* |
| *Gastos (licenciamentos, actualizacións e soporte de aplicacións, ...) será a empresa adxudicataria a encargada do aboamento do mesmo.* |
| ***Xestión técnica do portal. Rendemento e Dispoñibilidade da Plataforma*** |
| *Resolver todas as cuestións técnicas requiridas polo portal* |
| *Buscarase a mellora do rendemento e estabilidade do Portal Municipal, evitando fallos de servizo ou de dispoñibilidade* |
| *Aproximándose a un servizo 24x7.* |
| *Actualización continua de todos os compoñentes software da plataforma ás últimas versións estables* |
| *Velará polo correcto funcionamento do portal e manter o nivel de servizo (**SLA**) ofertado* |
| *Mantemento evolutivo que garanta a actualización da información sobre os servizos da sede electrónica.* |
| ***Servizos de tradución:*** |
| *Tradución ao Castelán de todos os contidos que o Concello de Lugo proporcione no idioma Galego.* |
| *A tradución ao idioma Inglés dos contidos con Google Translate.* |
| ***Lectura automática de Contidos:*** |
| *A lectura automática con readspeaker, a cargo da empresa* |
| ***Equipo de traballo*** |
| *Coñecementos do deseño da plataforma, a tecnoloxía empregada no portal e os servizos implantados.* |
| *Persoal cualificado, requiríndose a especificación da súa cualificación nas ofertas* |
| *Realizará todas as actividades nas súas propias oficinas* |
| ***Visualización de Contidos:*** |
| *Dispositivos: PC e Mac, (MS Explorer, Firefox, Chrome, Safari)* |
| *Plataformas móbiles: smartphones e tablets (android, IOs, ...)* |
| ***Planificación do traballo*** |
| *Basearase en prazos e prioridades para conseguir un tempo de resposta óptimo* |
| ***Desenvolvemento e instalación de cambios*** |
| *Creación e/ou modificación de software baixo demanda para o Servidor de Contidos, e modificar parámetros de configuración.* |
| *Deberá realizarse de xeito planificado e validado* |
| *Probas de aceptación necesarias* |
| *Estimación en horas/persoa e unha planificación: (datas de inicio e fin do desenvolvemento, data de validación, e data de paso a produción)* |
| ***Análise e resolución de incidencias e xestión de problemas*** |
| *Soporte continuo* |
| *Seguimento continuo, detección, análise e resolución das incidencias.* |
| *Informes e/ou software para xestión de incidencias* |
| *Rexistro de incidencias fidedigno, contrastable e inequívoco (data e hora da comunicación, canal, responsable, tempo de resolución)* |
| *Prioridades con preferencia da máis antiga* |
| *Identificación, rexistro, diagnóstico e resolución de problemas* |
| ***Accesibilidade*** |
| *Cumprirá en todo momento cos estándares recomendados pola W3C cun nivel de conformidade AA.* |
| ***Selado de tempo*** |
| *Incorporará de datación fidedigna, sen custo para o Concello de Lugo. (Xunta o oferta gratis con convenio)* |
| ***Plataforma de Contratación do Sector Público*** |
| *Integración da información do perfil do contratante á Plataforma de Contratación do Sector Público, sen custo para o concello.* |

*Enténdese que todas as ofertas técnicas presentadas cumpren coas especificacións recollidas nestes requisitos. As prescricións ás que os licitadores non se refiren explicitamente na súa oferta, considéranse cubertas pola cláusula de aceptación e acatamento que inclúen na mesma, ou polo feito de ter acudido á presente licitación.*

*Os criterios susceptibles de seren avaliados mediante xuízos de valor, tal e como se indica no PPT, son os que seguen:*

| *CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE **XUÍZO DE VALOR*** |
|---|

| |
|---|
| ***Servizos de Mantemento:*** |
| *Servizos ofertados para a actualización e incorporación de novos contidos e mantemento do portal* |
| *Servizos ofertados de corrección do portal e cambio de aspecto e estrutura* |
| *Características da política de eliminación dos contidos obsoletos* |
| *Características do mantemento evolutivo* |
| *Horarios de atención para a recepción de contidos incidencias* |
| ***Xestión Técnica do Portal:*** |
| *Tarefas de dinamización e mellora do portal: rendemento óptimo e estabilidade do Portal para evitar fallos de servizo ou de dispoñibilidade do mesmo.* |
| *Servizos ofertados para a actualización de versións dos compoñentes do portal (infraestrutura e xestor de contidos)* |
| ***Servizos de tradución:*** |
| *Características dos servizos de tradución a español e inglés* |
| ***Lectura automática de Contidos:*** |
| *Características do servizo de lectura automática de contidos* |
| *Revisión das especificacións e corrección da marcación das zonas que se lean* |
| ***Equipo de traballo*** |
| *Número e cualificación do persoal asignado ao proxecto (imprescindible porcentaxe de dedicación)* |
| *Certificacións técnicas do equipo técnico referidas ao software (drupal, php, ...) e plataforma (entorno de virtualización, servidores, ...)* |
| ***Visualización de Contidos:*** |
| *Diversidade de navegadores e dispositivos móbiles* |

*As ofertas presentadas achegaron as seguintes solucións, respecto de cada criterio avaliable mediante xuízo de valor:*

| | ***Galicloud*** | ***Interdix*** |
|---|---|---|
| ***Servizo de mantemento de contidos*** | | |
| *Servizos ofertados para a actualización e incorporación de novos contidos e mantemento do portal* | ***Metodoloxía Kanban t****anto para contidos coma programación*<br>*Xestión tarefas pizarras Kanban* | *Atención diaria de solic.*<br>*Actualización, novos contidos e mantemento do portal.* |
| *Servizos ofertados de corrección do portal e cambio de aspecto e estrutura* | *Adaptación á **normativa de cookies***<br>*Optimización de imaxes para acelerar descargas*<br>*Configuración dun **CDN** para aumentar a carga da web*<br>*Configuración drupal mellora rendemento incl. caches*<br>*Coordinación co concello cambios estrutura e aspecto* | ***Revisións semanais**: estrutura e contidos (imaxes, textos, ...); deseño gráfico; accesibilidade do portal; seguridade; **POSICIONAMENTO** nos buscadores* |
| *Características da política de eliminación dos contidos obsoletos* | *Metodoloxía Kanban definindo a eliminación coma unha tarefa*<br>*Política **eliminación automática** a acordar e definir igualmente **coma tarefa*** | ***Revisión semanal** da política de eliminación de contidos **e propia eliminación** dos mesmos* |
| *Características do mantemento evolutivo* | *Non existe coma tal. Serán tarefas a definir de xeito coordinado* | *Revisión semanal*<br>***POSICIONAMENTO** nos buscadores* |
| *Horarios de atención para a recepción de contidos e incidencias* | *Sistema de xestión: as 24h (**non persoal)***<br>*Por teléfono: laborables de 8:00 a 22:00 Incidencias **(+28h) críticas:** 24h (obrigatorio).* | *Atención 24x7 sen especificar*<br>*Horario sen especificar.* |
| ***Xestión técnica do portal. Rendemento e Dispoñibilidade da Plataforma*** | | |



MURALLA
patrimonio da humanidade

| | | |
|---|---|---|
| *Tarefas de dinamización e mellora do portal: rendemento óptimo e estabilidade do Portal para evitar fallos de servizo ou de dispoñibilidade do mesmo.* | *Instalación dun sistema de* ***protección contra ataques DDOS*** *(denegación servizo)*<br>*Estudo de traslado da web á nube*<br>*Estudo da* ***optimización da pila de sw*** *en uso. Posible cambio por ferramentas óptimas*<br>***Optimización de imaxes*** *para acelerar descargas*<br>*Configuración dun CDN para aumentar a carga da web*<br>*Configuración drupal* ***mellora rendemento incl. caches*** | *Revisión semanal* ***seguridade.***<br>*Garanten dispoñibilidade 99,9%* ***sen especificar*** *como.* |
| *Servizos ofertados para a actualización de versións dos compoñentes do portal (infraestrutura e xestor de contidos)* | *Manterán actualizado* ***Drupal 7*** *e os* ***módulos*** *existentes*<br>*Estudo posible actualización á versión 8* | *Revisión diaria e actualización se o precisan (non sempre que exista?)* |
| ***Servizos de tradución:*** | | |
| *Características dos servizos de tradución a español e inglés* | *Non hai mellora* | *Non hai mellora* |
| ***Lectura automática de Contidos:*** | | |
| *Características do servizo de lectura automática de contidos* | *Non hai mellora* | *Non hai mellora* |
| *Revisión das especificacións e corrección da marcación das zonas que se lean* | *Non hai mellora* | *Non hai mellora* |
| ***Equipo de traballo*** | | |
| *Número e cualificación do persoal asignado ao proxecto (imprescindible porcentaxe de dedicación)* | *Dúas persoas 35h/semana total. 60% cada. => **1,2** pax. Tot* | *4 pax parcial => **1,25** pax tot*<br>*Xefe Prox Enx sup (25%) 18 anos exper.*<br>*Analista Func. Enx téc. (25%) 8 anos exper.*<br>*Analista Prog. Téc. Sup (50%) 7 anos exper.*<br>*Documentalista. Diplom. Maxisterio (25%) 16 anos exper.* |
| *Certificacións técnicas do equipo técnico referidas ao software (drupal, php, ...) e plataforma (entorno de virtualización, servidores, ...)* | *> 4 anos Drupal 7*<br>*> 6 anos PHP*<br>*Drupalcamp*<br>*Admón Linux*<br>*Coñec. XenServer e XenCenter*<br>*Enx. Técnico Inform. Xestión (responsable do equipo é dos 2 ofertados??)* | *O equipo: desenvolvemento e mantemento de 300 webs nos ultimos 8 anos. Metodoloxías, web, xestión contidos, contornas mobilidade*<br>*Xefe Prox 18 anos exper.*<br>*Analista Func.8 anos exper.*<br>*Analista Prog.7 anos exper.*<br>*Documentalista. 16 anos exper.* |
| ***Visualización de Contidos:*** | | |
| *Diversidade de navegadores e dispositivos móbiles* | *Instalación dalgún* ***framework css*** *para visualización en navegadores e dispositivos. p.ex. Bootstrap* | *Garantirán a visualización en TODOS os navegadores e dispositivos móbiles. Non especifica como.* |

| | ***Balidea*** | ***Plexus*** |
|---|---|---|
| ***Servizo de mantemento de contidos*** | | |

| | | |
|---|---|---|
| *Servizos ofertados para a actualización e incorporación de novos contidos e mantemento do portal* | ***Auditoría inicial plataforma***<br>***Análise DAFO***<br>*Canais atención: tlf, email, redmine, skype*<br>*Metod.* ***ITIL*** *- Xestión prox. Redmine* | *Empregan tamén* ***fontes de datos propias.***<br>*Propostas da empresa de xeito* ***PROACTIVO***<br>*Ben axeitado o proceso ás necesidades do Concello*<br>***Perfis:*** *documentalista, Copy Redactor (galego), corrector lingüístico, tradutor, editor, deseñador gráfico.*<br>***CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA DOS TEXTOS + redacción completa a partir de datos.***<br>***CREACIÓN*** *e edición de* ***elementos gráficos*** *(banners, ...)*<br>***ITIL v.3*** |
| *Servizos ofertados de corrección do portal e cambio de aspecto e estrutura* | ***Auditoría inicial*** *plataforma*<br>*Análise DAFO*<br>*Análise* ***inicial de SEGURIDADE***<br>*Metod. ITIL - Xestión prox. Redmine*<br>*Resolución* ***proactiva*** *de problemas*<br>*Metod. Desenvolvemento: SMM - SCRUM*<br>*Organización: PRINCE2*<br>*Avaliación procesos:* ***CMMI***<br>*Control calidade e xestión de riscos*<br>*Excelente:* ***probas validación web*** *- estratexia de probas: de compoñentes, aceptación caixa negra, funcionais (enlaces, forms, cookies, ...) usabilidade, compatibilidade, rendemento, BBDD, I/F aplicacións, seguridade, ...*<br>***Transferencia final: 136 horas (10 días 1,7 pax)***<br>*Verificación inicial e periódica (mensual?) de enlaces rotos. W3C link checker.* | ***Análise inicial*** *+ proposta cambios e implementación*<br>*Propoñen inicial coa inclusión do Selado de tempo e integración coa plataforma de contratos do sector público*<br>***Análise continuo*** *durante execución mantemento*<br>*Metodoloxías adaptadas ao Concello. Enfoque práctico orientado á toma de decisións.*<br>*ITIL v.3*<br>*Xestión do proxecto: MBOK*<br>*Desenvolvemento: Métrica e SCRUM*<br>***Moi boa:*** *accesiblidade, usabilidade, estabilidade, rendibilidade (carga/descarga de páxinas), dispositivos, revisión sistema de navegación (enlaces),*<br>***Plan de probas*** *consensuado co Concello*<br>*Metodoloxía aseguramento accesibilidade:* ***WCAG-EM*** *do W3C-WAI. COMPROBACIÓNS a nivel AAA* |
| *Características da política de eliminación dos contidos obsoletos* | *Elaboración mapa de contidos* ***inicial + planif. De eliminación segundo obsolescencia*** | ***Análise e expurgo inicial.***<br>***Expurgos periódicos*** *segundo defina o Concello* |
| *Características do mantemento evolutivo* | *Non hai mellora* | *Plan de evolución (mant. evolutivo)*<br>***PROACTIVO***<br>***CREACIÓN ESPAZOS WEB CON ENTIDADE PROPIA (eventos, proxectos, ...)***<br>***DATOS ESTATÍSTICOS E DE EXPLOTACIÓN*** *para toma de decisións*<br>*Estatísticas para monitorización e análise web: melloras no* ***POSICIONAMENTO.*** |

| | | |
|---|---|---|
| *Horarios de atención para a recepción de contidos e incidencias* | *Luns-Venres de 8:00 a 22:00*<br>*Sábados de 8:00 a 14:00*<br>***(+34h)*** | *Luns-Venres de 8:00 a 20:00 (persoal perfil asociado a contido e comunicación)* ***(+14h)***<br>***Resto (CAU) 24x7*** *(dispoñible* ***Enxeñeiro Sistemas)***<br>***SISTEMA DE MONITORIZACIÓN E ALERTA*** *de cortes de servizo ou caída do rendemento.* |
| ***Xestión técnica do portal. Rendemento e Dispoñibilidade da Plataforma*** | | |
| *Tarefas de dinamización e mellora do portal: rendemento óptimo e estabilidade do Portal para evitar fallos de servizo ou de dispoñibilidade do mesmo.* | *Auditoría inicial e xestión* ***proactiva:***<br>*Engaden* ***Cluster Apache Soir*** *para indexación de contidos*<br>*Engaden monitorización* ***Munin***<br>***Revisión por compoñente:*** *PHP, MariaDB, Drupal,* ***código propietario, erros do log, ....*** | *Monitorización do estado cunha* ***cadea de validación en capa 7****, non só comprobación do porto (ICMP)*<br>***Comprobación de carga*** *mediante axentes*<br>***Asignación cliente->servidor en función da carga do servidor, en troques de reparto equitativo.***<br>*SW monitorización* ***NUNIM*** *con alertas e datos da evolución*<br>*Mellora* ***rendibilidade*** *(carga/descarga de páxinas),*<br>*Sistema de xeración de* ***páxinas estáticas*** *do CMS para perdas de rendemento moi importantes*<br>***Optimización da carga*** *das plantillas*<br>*Evitar extensións propietarias*<br>*Optimización do peso dos elementos das páxinas*<br>***Aliñamento cos estándares para optimización das versións multidispositivos e accesibilidade***<br>*Definirán tarefas de mantemento prev., adapt, perfect e correctivo* |
| *Servizos ofertados para a actualización de versións dos compoñentes do portal (infraestrutura e xestor de contidos)* | *Auditoría de compoñentes e versións* ***(apache, php, mariaDB, librarias, Drupal,*** *...)*<br>***Priorización*** *por criticidade*<br>***Probas en preprodución***<br>***Plan de mitigación*** *e retorno* | *Mantemento adaptativo á contorna tecnolóxica*<br>***Revisión mensual*** *dos elementos principais (****SO Linux CentOS 7, PHP 5.6 e MariaDB 10,1)*** *con* ***proposta de actualización documentada (riscos), probas en preprodución e OK do Concello*** *previo á actualización*<br>***DRUPAL: revisión periódica co móduloo Update Manager e consultas á sección Security Announcements de Drupal.org.***<br>***Actualizacións críticas: 1 semana. Resto: mensuais.*** |
| ***Servizos de tradución:*** | | |
| *Características dos servizos de tradución a español e inglés* | *Elaboran e manteñen* ***guía de estilo***<br>*Elaboran e manteñen* ***dicionario de termos***<br>*GAIO + Revisión especializada* ***(calid. Lingüística)***<br>***Traduc. De elementos gráficos con textos*** | ***Corrección lingüística*** *dos textos en galego.*<br>*Traducen os textos da base de datos. Imaxes xa editadas* ***non as traducen****. PDFs nonos traducen (ficheiros en xeral).*<br>*Inglés: Google Translate.* |

| | | |
|---|---|---|
| | *Control de procesos de tradución e xestión de incidencias das mesmas* | |
| ***Lectura automática de Contidos:*** | | |
| *Características do servizo de lectura automática de contidos* | ***Lectura nos tres idiomas.*** ***Revisión inicial*** *do sistema para correccións de erros* ***Verificarase a lectura de cada contido novo creado*** | ***Revisión inicial*** *do sistema para correccións de erros* |
| *Revisión das especificacións e corrección da marcación das zonas que se lean* | ***Revisión plantillas CMS*** *Drupal para a integración de Read Speaker* | ***Revisión plantillas CMS*** *Drupal para a integración de Read Speaker* |
| ***Equipo de traballo*** | | |
| *Número e cualificación do persoal asignado ao proxecto (imprescindible porcentaxe de dedicación)* | *18 perfis => **0,73** pax tot. Horas totais: 1.710h*<br>*Responsable conta Enx. inform. 1% 18h*<br>*Responsable calidade Enx. teleco 2% 36h*<br>*Xefe Proxecto Enx. inform. 5% 90h*<br>*Xestor Contidos Lic. Xornalismo 30% 540h*<br>*Coordinador técnico Tec Sup 15% 270h*<br>*Analista Programador Enx tec. Inform 2% 360h*<br>*Maquetador Grao Informática 5% 90h*<br>*Deseñador gráfico Enx tec. inform 5% 90h*<br>*Administrador sistemas Enx Tec. teleco 5% 90h*<br>***Equipo apoio:** 4 x EnxTec Inform, 2 x lic, 1 Tec Sup 126h* | *10 pax parcial => **1,29** pax. total*<br>*Xefe Proxecto Lic mat. 5%*<br>*Responsable Calidade Lic. Fis. 2%*<br>*Document. Copy-red. Traductora Lic filol. Ingl. 30%*<br>*Document. Copy-red. Tradutora Lic Xornalismo 30%*<br>*Deseñador Gráfico Lic comunic audiovis 2%*<br>*Analista Grao desenv. appls 20%*<br>*Programador Enx Tec Inf. Xest 20%*<br>*Programador Enx, Sup. Inf. 10%*<br>*Enx. Sistemas Varias Certifs 5%*<br>*Enx. Sistemas Varias Certifs 5%*<br>***+ Equipo CAU*** |
| *Certificacións técnicas do equipo técnico referidas ao software (drupal, php, ...) e plataforma (entorno de virtualización, servidores, ...)* | *Responsable conta > 15 anos respons. proxectos*<br>*Responsable calidade > 10 anos auditor calidade*<br>*Xefe Proxecto > 12 anos xefe prox. > 6 Drupal 7*<br>*Xestor Contidos > 12 anos CMS e traducc. > 5 Drupal 7*<br>*Coordinador técnico > 9 anos coord. tec. Drupal 7*<br>*Analista Programador > 8 anos anal. prog > 6 Drupal 7*<br>*Maquetador > 10 maquet. web > 4 Drupal 7*<br>*Deseñador gráfico > 9 des. graf. > 6 Drupal 7*<br>*Administrador sistemas > 5 adm sist. > 3 Drupal 7*<br>*Equipo apoio Os 7 suman 35 anos Drupal 7* | *Total:* ***22 certif. técnicas e formación regulada.***<br>*Xefe Proxecto 14 anos xefe orix, e director área*<br>*Responsable Calidade 16 anos resp. calid. e xefa prox.*<br>*Document. Copy-red. Tradutora 15 anos coord. contidos*<br>*Document. Copy-red. Tradutora 2 anos documentalista*<br>*Deseñador Gráfico 7 anos deseñador gráf.*<br>*Analista 5 anos analista xefe e prog.*<br>*Programador 8 anos maquet. prog e analist.*<br>*Programador 11 anos maquet. prog e analist.*<br>*Enx. Sistemas 17 enx. sistemas 9 Drupal*<br>*Enx. Sistemas 9 enx. tec. sistemas 7 Drupal*<br>*Equipo CAU sen especificar* |

| **Visualización de Contidos:** | | |
|---|---|---|
| *Diversidade de navegadores e dispositivos móbiles* | *Auditoría inicial e revisión continua validando **pautas W3C e Open Web Platform** (HTML5, CSS3, ...) PC e Mac; Explorer, Firefox, Chrome, Safari; smartphones, tablets; android, Ios, ...* | *Optimización para navegadores: Explorer 7, firefox 5, Safari 4, Google Chrome e Opera, (versións sup).* ***Follas de estilo específicas para PDAs, Teblets e smartphones.*** *Adaptarase á **resolución concreta do móbil do usuario. Detección de javascript.*** ***Adaptarase aspecto e, se se require, o contido.*** ***Sempre dispoñible vista específica e vista clásica.*** *Dispositivos máis específicos (Media Types): **Braille, Embossed, Handheld, Print, Projection, Screen, Tty, TV,** ...)* |

*Baseándose nestas táboas, procedeuse a avaliar as ofertas, asignando a puntuación segundo as achegas que fai cada empresa para cada criterio avaliable, e as características dos servizos descritos en cada unha delas, resultando a puntuación que se propón á Mesa de Contratación, a que se recolle na seguinte táboa:*

| *CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE **XUÍZO DE VALOR*** | *Max Ptos.* | **Galicloud** | **Interdix** | **Balidea** | **Plexus** |
|---|---|---|---|---|---|
| ***Servizos de Mantemento:*** | ***12*** | ***4,5*** | ***3*** | ***8*** | ***11*** |
| *Servizos ofertados para a actualización e incorporación de novos contidos e mantemento do portal* | | *1* | *0* | *2* | *3* |
| *Servizos ofertados de corrección do portal e cambio de aspecto e estrutura* | | *0,5* | *0,5* | *3* | *2* |
| *Características da política de eliminación dos contidos obsoletos* | | *2* | *2* | *2* | *2* |
| *Características do mantemento evolutivo* | | *0,5* | *0,5* | *0* | *2* |
| *Horarios de atención para a recepción de contidos incidencias* | | *0,5* | *0* | *1* | *2* |
| ***Xestión Técnica do Portal:*** | ***12*** | ***9*** | ***2,5*** | ***7*** | ***11*** |
| *Tarefas de dinamización e mellora do portal: rendemento óptimo e estabilidade do Portal para evitar fallos de servizo ou de dispoñibilidade do mesmo.* | | *8* | *2* | *5* | *7* |
| *Servizos ofertados para a actualización de versións dos compoñentes do portal (infraestrutura e xestor de contidos)* | | *1* | *0,5* | *2* | *4* |
| ***Servizos de tradución:*** | ***2*** | ***0*** | ***0*** | ***2*** | ***0,5*** |
| *Características dos servizos de tradución a español e inglés* | | *0* | *0* | *2* | *0,5* |
| ***Lectura automática de Contidos:*** | ***3*** | ***0*** | ***0*** | ***2*** | ***1*** |
| *Características do servizo de lectura automática de contidos* | | *0* | *0* | *2* | *1* |
| *Revisión das especificacións e corrección da marcación das zonas que se lean* | | *0* | *0* | *1* | *1* |
| ***Equipo de traballo*** | ***4*** | ***2,02*** | ***2,14*** | ***2,43*** | ***4*** |
| *Número e cualificación do persoal asignado ao proxecto (imprescindible porcentaxe de dedicación)* | | *1,9* | *1,95* | *1,35* | *2* |
| *Certificacións técnicas do equipo técnico referidas ao software (drupal, php, ...) e plataforma (entorno de virtualización, servidores, ...)* | | *0,12* | *0,19* | *1,08* | *2* |
| ***Visualización de Contidos:*** | ***3*** | ***0,5*** | ***0*** | ***1*** | ***3*** |
| *Diversidade de navegadores e dispositivos móbiles* | | *0,5* | *0* | *1* | *3* |
| ***Total*** | ***36*** | ***16,02*** | ***7,64*** | ***22,43*** | ***30,5*** |

*É canto procede informar."*

A continuación procédese á apertura dos sobres C) de ofertas económicas, co seguinte resultado:

. **GALICLOUD SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA,** propón como prezo de contrato 29.568 euros, polo que sumado o IVE (21%) 6.209,28 euros, resulta un total de **35.777,28 euros, IVE incluído.**

. Así mesmo oferta un **tempo máximo de resolución de incidencias de 1** hora.
. Non posúe ningún tipo de certificación ISO
. Oferta o servizo **24x7**

. **INTERDIX GALICIA, S.L.,** propón como prezo de contrato 18.000 euros, polo que sumado o IVE (21%) 3.780 euros, resulta un total de **21.780 euros, IVE incluído.**

. Así mesmo oferta un **tempo máximo de resolución de incidencias de 6** horas.
. Non posúe ningún tipo de certificación ISO
. Oferta o servizo **24x7**

**BALIDEA CONSULTING & PROGRAMMING, S.L.,** propón como prezo de contrato 30.719,01 euros, polo que sumado o IVE (21%) 6.450,99 euros, resulta un total de **37.170 euros, IVE incluído.**

. Así mesmo oferta un **tempo máximo de resolución de incidencias de 4** horas.
. Posúe a certificación ISO 9001/2000/2008
. Posúe a certificación ISO 27001
. Posúe a certificación ISO 20000
. Oferta o servizo **24X7**

**TECNOLOXÍAS PLEXUS, S.L.,** propón como prezo de contrato 25.600 euros, polo que sumado o IVE (21%) 5.376 euros, resulta un total de **30.976 euros, IVE incluído.**

. Así mesmo oferta un **tempo máximo de resolución de incidencias de 1** hora.
. Posúe a certificación ISO 9001/2000/2008
. Posúe a certificación ISO 27001
. Posúe a certificación ISO 20000
. Oferta o servizo **24x7**

A continuación os integrantes da mesa proceden á valoración da oferta económica segundo os criterios de adxudicación previstos nos pregos de claúsulas administrativas particulares e a puntuación obtida pola empresa é a seguinte:

**CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE APLICACIÓN DE FÓRMULAS: 64 Ptos**

**CONTRATACIÓN,PATRIMONIO E FOMENTO**
XMCR/cbg
Refª: acta lect inf tecn e acta economic portal
Asunto:

| CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Oferta económica | Resolución de incidencias | ISO 9001 | ISO 27001 | ISO 20000 | Servizo 24x7 | **TOTAL** |
| **GALICLOUD** | 11,32 | 5 | 0 | 0 | 0 | 10 | 26,32 |
| **INTERDIX** | 40 | 0 | 0 | 0 | 0 | 10 | 50 |
| **BALIDEA** | 8,46 | 2 | 3 | 3 | 3 | 10 | 29,46 |
| **PLEXUS** | 21,16 | 5 | 3 | 3 | 3 | 10 | **45,16** |

Por conseguinte o cadro final de puntuacións tendo en conta a oferta técnica mailos criterios avaliables mediante a aplicación de fórmulas quedaría do seguinte xeito:

| **EMPRESAS** | **OFERTA TÉCNICA** | **CRITERIOS AVALIABLES MDTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS** | **TOTAL PUNTUACIÓN** |
|---|---|---|---|
| GALICLOUD | 16,02 | 26,32 | 42,34 |
| INTERDIX | 7,64 | 50 | 57,64 |
| BALIDEA | 22,43 | 29,46 | 51,89 |
| PLEXUS | 30,50 | 45,16 | **75,66** |

Así pois en vista das puntuacións, a mesa de contratación propón como oferta económicamente máis vantaxosa a presentada pola empresa **TECNOLOXÍAS PLEXUS, S.L.**, previa comprobación da verificación das certificacións ISO por parte do servizo de informática.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 10:00 horas, no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE

Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei

A SECRETARIA

Asdo.: Ana Tabarés Martínez